

ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DA COMISIÓN INFORMATIVA DE TURISMO, ACCIÓN
COMUNITARIA, IMPULSO RURAL E MEDIO AMBIENTE DO DÍA 21.11.2025

ASISTENTES

PRESIDENTE:	D. Javier Tourís Romero
VOGAIS:	D. Jorge Cubela López
	D ^a . Luisa María Sánchez Méndez
	D. Rafael Domínguez Artime
	D. Ricardo Martínez Chantada
	D. Jesús Vázquez Almuíña
	D ^a . María Pilar Ramallo Vázquez
	D. Manuel Alejandro Lorenzo Alonso
	D. Juan Pablo Castillo Amigo
	D ^a . Digna Rosa Rivas Gómez
	D. Javier Iglesias Mougán
	D. Paco Ferreira González
	D. Gregorio Luis Agís Gómez
	D ^a . Nuria Rodríguez Rodríguez
	D. Gorka Gómez Díaz
	D ^a . Beatriz Lomba Rodríguez
	D ^a . María Manuela Rodríguez Pumar

Sendo as doce horas e dez minutos do día vinte e un de novembro do ano dous mil vinte e cinco, reúnense no Pazo Provincial os/as Sres./as. Deputados/as arriba relacionados, en sesión ordinaria, e baixo a Presidencia de D. Javier Tourís Romero. Actúa como secretaria a xefa do Servizo de Medio Ambiente D^a Concepción López Paz.

Aberta a sesión polo Presidente, pásase ao estudo dos asuntos incluídos na Orde do Día, sobre os que recaeron os seguintes ditames:



1. Aprobación da acta da sesión anterior (Expediente 2025069229)

Apróbase a acta da sesión anterior (CSV: 9U5KUU2OFVV29LFR), correspondente á sesión ordinaria celebrada o vinte e catro de outubro do ano dous mil vinte e cinco co voto favorable de todos os membros da Comisión.

2. Dar conta da reunión da comisión de seguimento do convenio de colaboración entre a Deputación de Pontevedra e o Mosteiro de Santa María de Armenteira (Monxas Cistercienses). (expediente 2020026576)

"DAR CONTA DA REUNIÓN DA COMISIÓN DE SEGUIMENTO DO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A DEPUTACIÓN DE PONTEVEDRA E O MOSTEIRO DE SANTA MARÍA DE ARMENTEIRA (MONXAS CISTERCIENSES). EXPEDIENTE 2020026576

O Servizo Estación Fitopatolóxica Areeiro, da Deputación de Pontevedra, ten un convenio de colaboración co Mosteiro de Santa María de Armenteira (monxas cistercienses) para o "Estudo de novos produtos de cosmética elaborados con aceite virxe extraído por prensado en frío de sementes de camelias cultivadas en Pontevedra". A comisión de seguimento do convenios reúne unha vez ó ano para tratar os temas relacionados coa execución do Convenio e valorar os resultados obtidos ao longo do ano.

Con data 29 de outubro de 2025 reuniuse a comisión de seguimento de este convenio para avaliar as tarefas desenvolvidas ao longo do ano e plantexar os novos traballos cara o 2026, xa que, aínda que o convenio finaliza, estase a tramitar a renovación do mesmo por outros catro anos.

O obxecto deste convenio é o estudo da rendibilidade de plantacións de camelia cultivadas en Galicia e das sementes producidas, así como da calidade do aceite virxe extraído por prensado en frío destas sementes para o seu uso cosmético, especialmente para a elaboración de produtos naturais coma xabóns, xampús, cremas, bálsamos labiais, etc.

Pontevedra, na data da súa sinatura electrónica"

A Comisión Informativa de Turismo, Acción Comunitaria, Impulso Rural e Medio Ambiente queda enterada do estado do expediente referido "ut supra".



3. Dar conta da finalización das exposicións itinerantes de fotografía sobre pescasostible no marco do Programa +Rías (expte.: 2024003061)

“EXPEDIENTE	2024003061
ASUNTO	DAR CONTA DA FINALIZACIÓN DAS EXPOSICIÓNS ITINERANTES DE FOTOGRAFÍA SOBRE PESCASOSTIBLE NO MARCO DO PROGRAMA +RÍAS
TRAMITE	INFORME COMISIÓN INFORMATIVA

O proxecto +Rías (A importancia da sostibilidade ambiental e socioeconómica das Rías Baixas como motor da economía azul na contorna de Rede Natura 2000) ten como obxectivo xeral aumentar, a través dun enfoque integrador e participativo, a sensibilización ambiental e fomentar a conciencia ecolóxica entre as e os profesionais do mar, a poboación infantil e a sociedade en xeral con respecto aos impactos da actividade do ser humano no medio costeiro e mariño, así como transmitir a importancia da protección e conservación da biodiversidade e os ecosistemas mariños e, en particular, en espazos protexidos, poñendo en valor os produtos do mar locais e sostibles.

No marco do proxecto tivo lugar durante os meses de setembro e outubro a CAMPAÑA DE VALORIZACIÓN DE PESCA SOSTIBLE DAS RÍAS BAIXAS con 3 exposicións itinerantes de fotografías e dos dibuxos premiados na Campaña de sensibilización dirixida a poboación infantil celebrada nos meses de maio e xuño.

Nestas exposicións fíxose entrega de material divulgativo e ao mesmo tempo celebráronse 3 concursos de preguntas relacionadas coa temática do proxecto.

Acompañou a cada unha delas unha degustación gratuíta de produtos artesanais capturados nas rías de Pontevedra.

As exposicións celebráronse nas seguintes datas e ubicacións:

- Do 15 ao 22 de setembro na Sala Nauta de Sanxenxo*
- Do 6 ao 12 de outubro na Sala de exposicións do concello do Grove*
- Do 20 ao 26 de outubro no Centro de visitantes do Parque Nacional das Illas Atlánticas en Vigo*

A XEFA DO SERVIZO

COMISIÓN INFORMATIVA DE TURISMO, ACCIÓN COMUNITARIA, IMPULSO RURAL E MEDIO AMBIENTE”

A Comisión Informativa de Turismo, Acción Comunitaria, Impulso Rural e Medio Ambiente queda enterada do estado do expediente referido “ut supra”.



4. Rogos e preguntas

Non houbo

E non habendo máis asuntos que tratar, a Presidencia da por finalizada a reunión, sendo as doce horas e quince minutos, do que, como secretaria, dou fe.

Documento asinado dixitalmente

